

FICHA MODELO PARA ENQUISA ANALISE DA ENTIDADE DE POBOACIÓN: O PINDO (2009)

OBXECTIVOS	RESULTADOS
<p>Descrición núcleo Os Mouchos-O Pindo</p>	<p>Fotos:</p>
<p>A parroquia de San Clemenzo de O Pindo está configurada polas poboacións de: O Pindo, Porto de Quilmas, Quilmas e A Curra.. O poboamento máis antigo do núcleo de O Pindo semella ser o lugar de A Solaina onde na Alta Idade Media houbo unha ermida e foi o primeiro asentamento parroquial e poboacional podendo ser, segundo Barreiro Barral, anterior ao século S.X.</p> <p>Segundo o Nomenclator de 2007, a parroquia de O Pindo ten 990 habitantes, 731 correspondentes ao Pindo, 216 a Quilmas e o resto a poboación diseminada.</p> <p>O núcleo de O Pindo, de Norte a Sur, comprende varios barrios: O Rego da Auga, O Sinal, A Lagoa, O Cucurujú (derivado de Gurugú), Os Lombos, A Corredoira, A Solaina, A Cruciña, A Laxe e A Capilla.</p> <p>Os informantes perciben e identifican o centro (non xeográfico) no porto de O Sinal, lugar senlleiro de sociabilidade das xentes do Mar, e a praza de A Solaina, lugar onde se celebra o mercado e se atopa nas cercanías algún edificio público (Pósito, Escolas Unitarias, ...).</p> <p>Localización: todos os barrios citados constitúen agrupacións de vivendas i edificios adxectivos, que se espallan en algo máis de un kilómetro de maneira lonxitudinal e aproveitando a morfoloxía do terreo ao longo das abas do Monte de O Pindo, en torno á estrada Muros-Cee, ou circundando a península de Os Mouchos.</p> <p>Ímonos centrar neste último espazo, que corresponde aos barrios de Os Lombos, A Lagoa, O Cucurujú, xunto cos</p>	<p>Informantes: Cándido Marcelino Caamaño Domingo de Pedro.</p>
infraestructuras (residuos e auga)	
<p>Auga corrente</p>	<p>Si</p>
<p>A xestión da auga: veciñal; municipal</p>	<p><u>Xestión privada dende finais dos 80.</u> A empresa Espina-Delfín de Muros e quen xestiona a auga. As tarifas son en torno os 25 euros mensuais. Antes da xestión privada, a traída da auga foi feita polos vecinos pero con deficiencias de auga, principalmente no</p>

OBXECTIVOS	RESULTADOS
Saneamento	Existe a recollida de augas negras e pluviais, pero estas aínda non están conectadas á rede que desemboca na EDAR de Caldebarcos. Non está claro se as augas fecais e as pluviais van por tuberías separadas. Hai anos se incorporou unha bomba na zona de a Cruciña para impulsar as augas cara un emisario colocado mar adentro, pero nunca funcionou, de maneira que os verquidos van
Recollida do lixo (frecuencia)	Recollen o lixo todos os días.
Recollida do lixo selectiva	Hai contenedores (orgánicos e inorgánicos) e outros para vidro e papel.
Existen outros servizos a nivel de	
Áreas recreativas	Hai unha pequena na zona de A Capilla.
Polideportivos	Si, hai unhas pistas no Colexio de Infantil e Primaria, perto de O Pósito.
<p>Outras (locais sociais, centros de reunión, bares...):</p> <p>Existe o das Escolas Unitarias, tamén local social de carácter municipal , onde se reunen varios colectivos sociais e se realizan diversas actividades.</p> <p>O Pósito tamén ten unha sala de actos onde se realizan xuntanzas da xente de mar e actividades culturais organizadas pola Confraria de Pescadores.</p> <p>A Asociación D.R.C. “Pedramar” tamén ten local social.</p> <p>Así mesmo o edificio do Instituto de Desenvolvemento Comarcal ten una salón de actos, infrautilizado.</p> <p>Os mariñeiros xubilados reúnense fora do bar Lamela, no Sinal, para comentar as cuestións relacionadas co mar e a pesca.</p> <p>Tamén hai numerosos bares onde se xuntan os veciños: un dos máis significados é A Revolta.</p>	
Infraestructura viaria	
Grao de dificultade de acceso: As zonas de A Solaina e o Rego de Auga, non permiten o paso de vehículos, tampouco a península dos Mouchos	Alto Medio Baixo
Patrimonio inmóbel tradicional e conservación	

OBXECTIVOS	RESULTADOS
<p>Identificación de inmobles tradicionais significativos localmente</p>	<p>O Pindo tan só conserva un certo número de casas tradicionais nos barrios de A Capilla, A Laxe, A Cruciña, A Corredoira e na parte alta do Rego de Auga. No resto dos barrios, tan só quedan algunhas espalladas no medio dunha construción predominantemente moderna, tanto na arquitectura como no uso de materiais. Se acaso, compriría citar ao local do Pósito (1934-35, incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia), á casa de Xosé Ramón Barreiro no Rego da Auga (así mesmo, conta con protección no PXOM) e á antiga casa rectoral, en estado ruinoso.</p> <p>Das distintas fábricas de salgazón que houbo no Sinal, tan só quedan restos. Fica, tamén, algún caseto-encascadoiro como o de Cachafeiro, no Rego da Auga e unha caseta-corte dos porcos no Sinal.</p>
<p>Algún outro tipo de elemento patrimonial singular no contexto da poboación.</p>	<p>A capela adicada a San Clemenzo (sec. XVIII), cun bó retablo, e algúns cabaceiros espallados polos Lombos, A Lagoa, O Cucurujú e A Solaina.</p>
<p>Impresión xeral do estado de conservación do núcleo tradicional:</p>	<p>Non existe un núcleo tradicional. Agás algunhas vivendas tradicionais ben restaurads na Corredoira e na Capilla, no resto están moi deturpadas tanto polos</p>

OBXECTIVOS	RESULTADOS
<p>Identificación de camiños tradicionais que estean conservados e non conservados:</p>	<p>Existe o vello camiño que levaba a Cee, no Rego da Auga; tamén o que comunicaba con San Mamede e Vadebois polo Chan de Lamas, no Pedregal. Para o que nos interesa, imos describir a ruta de O Fornelo:</p> <p>A ruta do Fornelo vai dende o porto do Sinal (cos seus restos de fábricas de salgazón/ conserva e o caseto-encascadoiro de Cachafeiro) e o malecón, ata o local da Confraría de Pescadores, transcorrido pola península dos Mouchos. Na ruta poderemos atopar valados das agras, un caseto de pescadores, cañeiras do argheiro, canalizacións de auga das agras, a fonte da Difunta, a Farola ou sinal de enfilación, agras, e xa no bairro dos Lombos dúas antigas casas terreas de pescadores rehabilitadas. A paisaxe está composta de furnas (a do Cabalo e a do Home), boleiras (a de Murruais), outeiros de pedra como a da Cachola, vistas á praia e ás marismas de San Pedro, O Ézaro, Fisterra, Porto de Quilmas e O Pedregal. A ruta está deseñada pola iniciativa denominada “Pindo Mariño”, impulsada pola Confraría de pescadores, coa intención de recuperar e poñer en valor a cultura e o patrimonio marítimo local. Hai pouco tempo que a ruta foi aberta e aínda está sen sinalizar; ademáis, tamén falta</p>
<p>Identificación de espazos cargados de crenzas/mitos/lendas.</p>	<p>Na península de Os Mouchos facíase o rito de sacar o mal aire da xente enferma. No núcleo de O Pindo aínda moitas mulleres practican este ritual, así como o de levantar a paletaña.</p>

OBXECTIVOS	RESULTADOS
Existencia de fontes:	Na Solaina hai unha fonte e outra na boleira de Murruais, no Rabecho, chamada fonte da Difunta.
Cualidade da auga das fontes:	Na da Solaina é boa auga, ao contrario da do manantial da Difunta, moi terrosa.
Número de vivendas da poboación:	Sen datos
Nº e nivel de conservación das vivendas tradicionais ocupadas	Como xa quedou dito, o número de vivendas tradicionais é moi pequeno no núcleo de O Pindo e a maioría están habitadas e moi modificadas. É o caso das dúas casas terreas de pescadores do barrio de Os Lombos.
Nº de vivendas tradicionais desocupadas e grao de conservación	Na parte alta do barrio do Rego de Auga hai un certo número de vivendas tradicionais deshabitadas e cun estado de conservación moi deficiente.
Identificación de espazos comunais:	O porto do Sinal, a praza da Solaina.
Actividades festivas a nivel local, carácter das mesmas e entidade organizadora.	San Clemenzo, en agosto. A do Cristo en outubro. Organizadas por comisións veciñais. Outro tipo de actividades de lecer son as Xornadas Culturais que anualmente organizan a Confraría de Pescadores e a Asociación Pedramar.
Existencia de asociacións ou grupos organizados informalmente.	A Confraría de Pescadores, a Asociación veciñal Pedramar, a CCMM de O Pindo e a APA do Colexio.
Identificación de líderes dinamizadores do local:	

OBXECTIVOS	RESULTADOS
<p>Cál é a ocupación económica dominante na localidade:</p>	<p>Anteriormente era a pesca e o marisqueo, máis agora xa só quedan 4 barcos e 17 mariscadoras. Tampouco existe xa practicamente o traballo no campo. A ocupación predominante é no sector servizos. Existe unha apreciable emigración da xente nova a outras capitais galegas e</p>
<p>Referencias bibliográficas ou documentais da entidade da poboación.</p>	